

3. Criterios xerais na modificación das programacións didácticas do curso 2021/2022

3.1. Especificar o procedemento para seguimento da recuperación das materias/ámbitos pendentes.

Os alumnos de cursos superiores da ESO con Bioloxía e Xeoloxía de 1º de ESO pendente, convocaranse a unha xuntanza no Departamento na data anunciada cunha semana de antelación como mínimo ou recoller do seu profesor/a do Dpto. que imparta do seu nivel, os materiais necesarios para o seguimento do plan de pendentes, a saber:

1) Dous caderniños nos que deberán resolver un cuestionario sobre os contidos da materia e entregar en prazo resolto para a súa valoración cun 10 % da nota. Os caderniños repartirán as cuestións dos diferentes temas impartidos cunha extensión que teña en conta o feito no curso anterior:

1ª parte: Temas 1 a 6, sobre a Vida na Terra, os reinos dos seres vivos e as características dos dous grandes grupos de animais: Invertebrados e Vertebrados.

2ª parte: Temas 7 a 12, sobre os Ecosistemas, a Terra no Unirverso e a Xeosfera (minerais e rochas). Os temas 9 e 10 non entraría máis que o concepto de Atmosfera e Hidrosfera, xa que non deu tempo a impartilos.

Aqueles alumnos que teñan a asignatura suspensa dende o curso 19-20, excepcional por reducirse o curso debido ao confinamento, poderán acollerse ao temario reducido a 6 temas (Universo, Hidrosfera e Atmosfera, Xeosfera I e II e Vida na Terra) se así o solicitan na reunión de principio de curso. Nese caso, as metades serían diferentes, repartíndose os 3 temas ata Hidrosfera para a 1ª metade, e os tres restantes, dende Xeosfera I a Vida na Terra para a 2ª).

A 1ª parte entrégase resolta en decembro e o exame será en xaneiro.

A 2ª parte entrégase resolta en febreiro, e o exame será en marzo.

Non se realizará a segunda proba se non se acada polo menos un 3'5 na cualificación do exame da proba da primeira parte, xa que sen esta nota non se pode realizar media. Neses casos, non será necesario entregar os caderniños resolto (ver 2).

2) Proba escrita final en abril, baseada no tipo de cuestións tratadas nos caderniños de actividades para a recuperación de pendentes entregados polo Departamento.

3) No período comprendido entre a 3ª avaliación e a ordinaria, convocarase a unha nova proba aos suspensos, baseada nos mesmos caderniños. Nestas probas, a cualificación resultará nun 100 % do exame.

3.2. Especificar os criterios xerais nas actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría para o período comprendido entre a 3ª avaliación e avaliación final na ESO.

Modo presencial:

A nota das tres avaliacións resultará nun 80 % da media das notas obtidas nas probas escritas ó longo de dita avaliación. Se nalgunha proba a nota é inferior a 4, o alumno suspenderá a avaliación. O 20 % restante resultará da participación durante as clases e a actitude do alumno ante o seguimento na aula da resolución dos exercicios encomendados, busca de información, así como, puntualmente, presentación de pequenos informes (fichas de identificación de cogomelos, etc.).

Os alumnos que non acaden o aprobado nunha avaliación, poderán facer un proba escrita de recuperación despois de rematar aquela. As notas desas probas suporán un 100 % da nota desa avaliación. So excepcionalmente por méritos no traballo de clase, se poderá ter en conta o traballo realizado durante a avaliación suspensa.

- **A nota da 3ª avaliación** será a media das notas obtidas nas tres avaliacións do curso, aplicando a avaliación continua para informar nese momento da marcha global do curso. Para aprobar a materia, deben estar as tres avaliacións aprobadas.
Os alumnos que non acaden o aprobado, poderanse presentar a unha proba final, cos contidos de toda a materia.
- **A nota da avaliación ordinaria** será a idéntica á avaliación da terceira a non ser que as actividades de ampliación e reforzo, ou recuperación, permitan subir esa nota, actuando de xeito diferenciado en dous casos xenéricos:
 - Alumnado con algunha avaliación suspensa: presentarase á proba escrita correspondente da avaliación suspensa (promediarase coas avaliacións aprobadas) ou farase un exame de toda a materia, se non hai avaliacións aprobadas e/ou realizará actividades de reforzo correspondentes (ata un 10 % da nota final, ponderándose neses casos a nota dos exames nun 90 %). O informe de avaliación individualizado poderá informar das actividades a realizar. No caso de non superar esas actividades ou probas, a cualificación será de suspenso, coa nota recollida anteriormente ou coa correspondente suba aplicando os criterios anteditos.
 - Alumnado aprobado: Terá a oportunidade de subir nota mediante actividades de ampliación e reforzo, que ponderarán un 20 % sobre a nota do curso (80 %, nos casos nos que se mellore a nota coa valoración desas actividades).
- **Avaliación extraordinaria**, suprímese neste nivel polo Real Decreto 217/2022 publicado o 29 de marzo do presente curso.

Modo non presencial:

Se algunha das avaliacións non pode avaliarse presencialmente no conxunto da clase por afectación da pandemia, esta será cualificada mediante unha proba online axustada aos estándares avaliábeis impartidos mediante teledocencia.

Se isto soamente se dá cun alumno ou un pequeno conxunto de alumnos, prevalecerá a proba presencial, postergándose a avaliación dese conxunto ata que poidan reincorporarse a clase. Se isto non fose posible antes do fin de curso, intentarase que a proba online sexa o máis aproximada en nivel á proba escrita do resto de alumnos, e controlárase mediante vídeoconferencia a resolución do exame, de tempo axustado á proba.

Se unha persoa non puidese acceder ao ensino telemático, facilitaráselle o material e/ou as instrucións para traballar na súa casa mediante correo ordinario ou outro medio habilitado polo centro.

ADAPTACIÓN DA CONCRECIÓN CURRICULAR. CURSO 2021/2022	1º ESO Promoción de Estilos de Vida Saudables	CENTRO: IES VAL DO TEA 36013692
--	---	------------------------------------

3. Criterios xerais na modificación das programacións didácticas do curso 2021/2022

3.1. Especificar o procedemento para seguimento da recuperación das materias/ámbitos pendentes.

O sistema de recuperación será un exame guiado por un documento en forma de PDFs colgados na aula virtual ou fotocopias, con algún exercicio práctico resolto. Realizarase un exame sobre eses materiais durante a segunda avaliación (entre febreiro e marzo) e a súa cualificación será o 100 % da avaliación da materia pendente. Dado que a extensión da materia é moi limitada, o exame final consistirá na repetición da proba.

No período comprendido entre a 3ª avaliación e a ordinaria, os alumnos suspensos terán outra ocasión de presentarse a un exame semellantes características.

3.2. Especificar os criterios xerais nas actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría para o período comprendido entre a 3ª avaliación e avaliación final na ESO.

Incluír procedementos de avaliación

▪ **Modo presencial:**

A nota de cada unha das tres avaliacións resultará de:

- Un 60 % da media das notas obtidas nas probas escritas obxectivas ao longo de dita avaliación. Se nalgunha proba a nota é inferior a 3'5, o alumno suspenderá a avaliación.

- Un 30% da análise das tarefas realizadas polo alumnado (actividades na aula virtual, boletíns de exercicios e presentación de traballos ou informes...)

- Un 10 % do rexistro de observación do traballo diario na aula no que se terá en conta a participación durante as clases, a actitude de cara a materia e a realización das actividades encomendadas.

O alumnado que non acade o aprobado nunha avaliación, poderá facer un proba escrita de recuperación despois de rematar aquela. As notas desas probas suporán un 100 % da nota desa avaliación.

A nota da 3ª avaliación: en aplicación da avaliación continua, comunicarase como a nota global do curso (media das 3 avaliacións), sen menoscabo doutra comunicación previa na que se aclare o valor de cada avaliación promediada nese momento.

▪ **Entre a 3ª avaliación e a ordinaria:**

- **O alumnado que teña algunha avaliación suspensa** deberá recuperala realizando actividades de reforzo e recuperación que terán un peso do 40% e/ou unha proba escrita que contará o 60% segundo cada caso.

Para aprobar a materia, a nota de cada avaliación deberá ser igual ou superior a 4, podendo realizarse nese caso a media ata acadar non menos dun 5. A nota final será a media das tres avaliacións.

- **O alumnado que teña as tres avaliacións aprobadas**, realizará actividades de reforzo e ampliación. A nota final, será unha media ponderada na que o 80% corresponda á media aritmética das tres avaliacións e o 20% restante ás actividades de reforzo e ampliación realizadas despois da terceira avaliación. No caso de non subir nota por este procedemento, a nota será idéntica a comunicada previamente como nota global do curso, ou da 3ª avaliación.

3. Criterios xerais na modificación das programacións didácticas do curso 2021/2022

3.1. Especificar o procedemento para seguimento da recuperación das materias/ámbitos pendentes.

No presente curso e momento, xa non hai ningún alumno con esta materia pendente. Inicialmente, propuxéranse uns caderniños a resolver para guiar os exames convocados ao longo do curso, cunha valoración como a que segue:

- ✓ 90% probas escritas.
- ✓ 10% boletín de actividades de recuperación.

Se se realizase as probas finais entre a 3ª avaliación e a ordinaria, a nota sería o 100 % a do exame a partir deses caderniños.

3.2. Especificar os criterios xerais nas actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría para o período comprendido entre a 3ª avaliación e avaliación final na ESO.

Modo presencial:

- A nota de cada unha das tres avaliacións resultará de:
 - Un 80 % da media das notas obtidas nas probas escritas obxectivas ao longo de dita avaliación. Se nalgunha proba a nota é inferior a 3'5, o alumno suspenderá a avaliación.
 - Un 10% da análise das tarefas realizadas polo alumnado (actividades na aula virtual, boletíns de exercicios e presentación de traballos ou informes...)
 - Un 10 % do rexistro de observación do traballo diario na aula no que se terá en conta a participación durante as clases, a actitude de cara a materia e a realización das actividades encomendadas.
- O alumnado que non acade o aprobado nunha avaliación, poderá facer un proba escrita de recuperación despois de rematar aquela. As notas desas probas suporán un 100 % da nota desa avaliación, que se promediará co resto.

3ª avaliación:

Notificarase a nota global do curso nese momento, aplicando a a avaliación continua, sen menoscabo de que asemade se informe a cada alumno a nota de cada avaliación parcial promediada por outros medios.

Entre a 3ª avaliación e a ordinaria:

- **O alumnado que teña algunha avaliación suspensa** deberá recuperala realizando actividades de reforzo e recuperación, que terán un peso do 20%, e unha proba escrita que contará o 80%.

Para aprobar a materia, a nota de cada avaliación deberá ser igual ou superior a 4. A nota final será a media das tres avaliacións, sempre igual ou superior a un 5.

- **O alumnado que teña as tres avaliacións aprobadas**, realizará actividades de reforzo e ampliación. A nota final calcularase mediante unha media ponderada na que o 80% corresponda á media aritmética das tres avaliacións e o 20% restante ás actividades de reforzo e ampliación realizadas despois da terceira avaliación. No caso de que aplicando estes criterios non suba a nota, repetirase a nota comunicada como global na 3ª avaliación.

3. Criterios xerais na modificación das programacións didácticas do curso 2021/2022

3.1. Especificar o procedemento para seguimento da recuperación das materias/ámbitos pendentes.

O alumnado coa materia pendente de 2º PMAR realizou ao longo do curso distintas probas de recuperación, os criterios de cualificación das mesmas serán:

- ✓ 90% probas escritas.
- ✓ 10% boletín de actividades de recuperación.

3.2. Especificar os criterios xerais nas actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría para o período comprendido entre a 3ª avaliación e avaliación final na ESO.

A nota de cada avaliación resultará de facer a media das notas obtidas nas dúas partes da materia (Matemáticas e Bio-Xeo-F-Q). Non se fará media con notas inferiores a 4.

A nota de cada parte obterase nun 85% das probas escritas e o 15 % restante dos traballos e exercicios propostos que se reflectirán na libreta do alumno.

Os alumnos que non acaden o aprobado na avaliación poderán facer un exame de recuperación desta.

A nota da 3ª avaliación expresarase como media das tres avaliacións como expresión da nota global mediante a avaliación continua, sen menoscabo de informar a cada alumno da cualificación promediada por cada unha das avaliacións.

Os alumnos que non acaden o aprobado, poderán facer unha recuperación final das partes suspensas.

Avaliación ordinaria: recollerá unha nota igual á comunicada con anterioridade se non se conseguiu subir nota polos seguintes procedementos:

- O alumnado coa materia aprobada realizará actividades de ampliación, orientadas a que o alumno/a poda mellorar a súa cualificación final. Os criterios de cualificación neste caso serán:
 - ✓ 80% probas escritas.
 - ✓ 20% actividades de ampliación.

- O alumnado coa materia suspensa realizará actividades de recuperación e reforzo mediante boletíns e probas escritas, a fin de conseguir que o alumno/a acade unha cualificación positiva de cara a avaliación final. Os criterios de cualificación neste caso serán:
 - ✓ 90% probas escritas.
 - ✓ 10% actividades de recuperación e reforzo.

Avaliación extraordinaria: suprimiuse no presente curso, o 29 de marzo, polo RD 217/2022.

3. Criterios xerais na modificación das programacións didácticas do curso 2021/2022

3.1. Especificar o procedemento para seguimento da recuperación das materias/ámbitos pendentes.

Esta materia non pode quedar pendente, por ser o último curso da secundaria obrigatoria.

3.2. Especificar os criterios xerais nas actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría para o período comprendido entre a 3ª avaliación e avaliación final na ESO.

▪ **Modo presencial:**

- A nota de cada unha das tres avaliacións resultará de:
 - Un 70 % da media das notas obtidas nas probas escritas obxectivas ao longo de dita avaliación. Se nalgunha proba a nota é inferior a 3'5, o alumno suspenderá a avaliación.
 - Un 20% da análise das tarefas realizadas polo alumnado (actividades na aula virtual, boletíns de exercicios e presentación de traballos ou informes...)
 - Un 10 % do rexistro de observación do traballo diario na aula no que se terá en conta a participación durante as clases, a actitude de cara a materia e a realización das actividades encomendadas.
- O alumnado que non acade o aprobado nunha avaliación, poderá facer un proba escrita de recuperación despois de rematar aquela. As notas desas probas suporán un 100 % da nota desa avaliación.
- **3ª avaliación:** Enténdese como avaliación continua, en virtude da cal comunicarase a media do curso nese momento, sen menoscabo de informar asemade da cualificación de cada unha desas avaliacións que entraron a facer media aritmética para o cálculo desa nota global.
- **Entre a 3ª avaliación e a ordinaria:**
 - **O alumnado que teña algunha avaliación suspensa,** deberá recuperala realizando actividades de reforzo e recuperación, que terán un peso do 20%, e unha proba escrita que contará o 80%.

Para aprobar a materia, a nota de cada avaliación deberá ser igual ou superior a 4. A nota final será a media das tres avaliacións e sempre deberá ser igual ou superior a 5 para recibir o aprobado.
 - **O alumnado que teña as tres avaliacións aprobadas,** realizará actividades de reforzo e ampliación. A nota da avaliación ordinaria será unha media ponderada, na que o 80% corresponda á media aritmética das tres avaliacións e o 20% restante ás actividades de reforzo e ampliación realizadas despois da terceira avaliación.
 - **Avaliación extraordinaria:** suprimiuse no presente curso, o 29 de marzo, polo RD 217/2022.

3. Criterios xerais na modificación das programacións didácticas do curso 2021/2022

3.1. Especificar o procedemento para seguimento da recuperación das materias/ámbitos pendentes.

Esta materia non pode quedar pendente, por ser o último curso da secundaria obrigatoria.

3.2. Especificar os criterios xerais nas actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría para o período comprendido entre a 3ª avaliación e avaliación final na ESO.

Modo presencial:

-
- A nota de cada unha das tres avaliacións resultará de:
 - Un 60 % da media das notas obtidas nas probas escritas obxectivas ao longo de dita avaliación. Se nalgunha proba a nota é inferior a 3'5, o alumno suspenderá a avaliación.
 - Un 30% da análise das tarefas realizadas polo alumnado (actividades na aula virtual, boletíns de exercicios e presentación de traballos ou informes...)
 - Un 10 % do rexistro de observación do traballo diario na aula no que se terá en conta a participación durante as clases, a actitude de cara a materia e a realización das actividades encomendadas.
- O alumnado que non acade o aprobado nunha avaliación, poderá facer un proba escrita de recuperación despois de rematar aquela. As notas desas probas suporán un 100 % da nota desa avaliación.
-

A nota da terceira avaliación, en virtude da avaliación continua, comunicárase nese momento a nota global do curso como a a media das notas obtidas nas tres avaliacións do curso, sen menoscabo de terse informado aos alumnos da nota obtida en cada avaliación previamente a calcular dita media. Para aprobar a materia, deben estar as tres avaliacións deben ter unha nota media igual ou superior a 5, podéndose facer media con algunha avaliación de nota igual ou superior a 4. No caso contrario, a asignatura estará suspensa.

A nota da avaliación ordinaria teranse en conta as actividades realizadas entre a 3ª avaliación e a a avaliación ordinaria, promediando un 70 % da nota do curso cun 30 % da nota das actividades realizadas nese período. No caso de non subir nota aplicando estes criterios, repetirase a nota global calculada anteriormente e nunca se fará media con avaliacións de nota inferior a un 4.

Se aínda así o/a alumno/a non conseguise chegar ao aprobado, realizará un exame daquelas avaliacións suspensas, promediando esa nota coas avaliacións aprobadas (de ser o caso) ou con nota igual ou superior a 4. Se a nota media resultante deste procedemento é inferior a 5, o/a alumno/a suspenderá a asignatura.

A avaliación extraordinaria foi suprimida durante o presente curso, o 29 de marzo, polo RD 217/2022.

Modo non presencial:

Se algunha das avaliacións non pode avaliarse presencialmente no conxunto da clase por afectación da pandemia, esta será cualificada mediante unha proba online axustada aos estándares avaliábeis impartidos mediante teledocencia.

Se isto soamente se dá cun alumno ou un pequeno conxunto de alumnos, prevalecerá a proba presencial, postergándose a avaliación dese conxunto ata que poidan reincorporarse a clase. Se isto non fose posible antes do inicio de curso, intentarase a proba online.

3. Criterios xerais na modificación das programacións didácticas do curso 2021/2022

3.1. Especificar o procedemento para seguimento da recuperación das materias/ámbitos pendentes.

A materia de pendentes divídese en dúas partes para examinarse durante o curso en xaneiro da 1ª parte, e, de superar o 3'5, en marzo da 2ª. Se a media non fose suficiente, terá a oportunidade de presentarse á avaliación final de abril ou da avaliación extraordinaria.

1ª Parte:	Bloque 1. Os seres vivos: composición e función
	Bloque 2. A organización celular
	Bloque 3. Histoloxía
	Bloque 4. A biodiversidade
	Bloque 5. As plantas: funcións e adaptacións ao medio
2ª Parte:	Bloque 6. Os animais: Funcións e adaptacións ao medio
	Bloque 7. Estrutura e composición da Terra
	Bloque 8. Os procesos xeolóxicos e petroxenéticos
	Bloque 9. Historia da Terra

3.3. Especificar os criterios xerais nas actividades de preparación probas extraordinarias e a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría para o período comprendido entre a avaliación final ordinaria e remate do período lectivo en 1º BAC.

- A nota de cada unha das avaliacións resultará nun 90 % da media das notas obtidas nas probas escritas ó longo de dita avaliación. Se nalgunha proba a nota é inferior a 4, o alumno suspenderá a avaliación. O 10% restante resultará da participación durante as clases e a actitude do alumno ante o seguimento na aula da resolución dos exercicios encomendados, búsqueda de información, presentación de traballos e informes.

Os alumnos que non acaden o aprobado na avaliación, poderán facer un exame de recuperación.

- **A nota da avaliación final ordinaria,** será a media das notas obtidas nas tres avaliacións do curso. Para aprobar a materia, deben estar as tres avaliacións aprobadas.

Os alumnos que non acaden o aprobado, poderanse presentar a unha proba final, cos contidos de toda a materia.

- **Avaliación extraordinaria,** a nota resultará nun 100% do exame escrito de todo o curso. Para a súa preparación, orientarase aos alumnos que asistan a clases realizando actividades de reforzo relacionadas co temario impartido durante as clases no período lectivo dende a ordinaria ata o fin do curso.

3. Criterios xerais na modificación das programacións didácticas do curso 2021/2022

3.1. Especificar o procedemento para seguimento da recuperación das materias/ámbitos pendentes.

Este curso non houbo ningún alumno con esta materia pendentes. De habelo, dividiríase en dúas partes para examinarse durante o curso en xaneiro da 1ª parte, e, de superar o 3'5, en marzo da 2ª. Se a media non fose suficiente, terá a oportunidade de presentarse á proba global de abril e unha nova proba extraordinaria despois da avaliación ordinaria.

3.3. Especificar os criterios xerais nas actividades de preparación probas extraordinarias e a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e tutoría para o período comprendido entre a avaliación final ordinaria e remate do período lectivo en 1º BAC.

Modo presencial:

- A nota de cada unha das tres avaliacións resultará de:
 - Un 60 % da media das notas obtidas nas probas escritas obxectivas ao longo de dita avaliación. Se nalgunha proba a nota é inferior a 3'5, o alumno suspenderá a avaliación.
 - Un 30% da análise das tarefas realizadas polo alumnado (actividades na aula virtual, boletíns de exercicios e presentación de traballos ou informes...)
 - Un 10 % do rexistro de observación do traballo diario na aula no que se terá en conta a participación durante as clases, a actitude de cara a materia e a realización das actividades recomendadas .

- O alumnado que non acade o aprobado nunha avaliación, poderá facer un proba escrita de recuperación despois de rematar aquela. As notas desas probas suporán un 100 % da nota desa avaliación.

- **A nota da avaliación final ordinaria**, será a media das notas obtidas nas tres avaliacións do curso. Para aprobar a materia, deben estar as tres avaliacións aprobadas.
O alumnado que non acade o aprobado, poderase presentar a unha proba final, cos contidos de toda a materia.
A nota da avaliación extraordinaria resultará nun 60% do exame desa proba final e nun 40% das actividades de apoio, reforzo e recuperación, realizadas dende a avaliación final ordinaria ata o remate do curso.

3. Criterios xerais na modificación das programacións didácticas do curso 2021/2022

3.1. Especificar o procedemento para seguimento da recuperación das materias/ámbitos pendentes.

Esta materia non pode quedar pendente por impartirse no último curso antes da titulación de Bacharelato.

3.4. Especificar os criterios xerais nas actividades de preparación probas extraordinarias e avaliación de acceso á universidade para o período comprendido entre a avaliación final ordinaria e remate do período lectivo en 2º BAC.

- A nota de cada unha das avaliacións resultará como mínimo dun 90 % da media das notas obtidas nas probas escritas ó longo de dita avaliación. Se nalgunha proba a nota é inferior a 3'5, o alumno suspenderá a avaliación. O 10% restante resultará da participación durante as clases, en especial terase en conta un informe sobre as clases prácticas ou de laboratorio, de poderse realizar. Se este caderno non puidese ser presentado nalgunha avaliación ou as notas das clases se estimasen insuficientes, a cualificación poderase basear nunha porcentaxe maior, incluso deica o 100 %, nas medias obtidas nas cualificacións dos exames. O mesmo será aplicable en caso de recuperación da avaliación, onde o 100 % da cualificación será a proba escrita.

Os alumnos que non acaden o aprobado na avaliación, poderán facer un exame de recuperación.

- **A nota da avaliación final ordinaria**, será a media das notas obtidas nas tres avaliacións do curso. Para aprobar a materia, deben estar as tres avaliacións aprobadas.

Os alumnos que non acaden o aprobado, poderanse presentar a unha proba final, cos contidos de toda a materia.

- **Avaliación extraordinaria**, a nota resultará nun 100% do exame escrito de todo o curso.

Entre a avaliación ordinaria e extraordinaria realizaranse actividades de reforzo e repaso que axuden aos alumnos suspensos a afianzar os coñecementos adquiridos para a preparación do exame extraordinario así como as ABAU, compaxinándose con algunhas actividades de aspectos menos tratados durante o curso e non susceptibles de entrar nesa proba para afianzar unha visión máis comprensiva que enfoque con maior seguridade a preparación das probas ABAU, así como orientacións para a realización dese exame (simulacros, resolución de dúbidas...). Dado que todos os alumnos poden realizar as ABAU nun futuro, e o repaso da materia tamén convén a ditas probas.